


LA TERTULIA DE PICAÑOS,

Pátria del célebre y honrado Vilas, capatáz de Carreteros; Conductor de efectos estancados de la Hacienda pública; Mayordomo que ha sido del Santísimo Sacramento; de la Patrona de su Parroquia; de S. Blas; de S. Antonio y Animas; porta-estandarte en muchas y diversas procesiones sacro-profanas; individuo de varias Cofradías, con voto decisivo en ellas, &c. &c. &c.



Individuos que asisten a ella:

Vilas, seu fillo Farruco, Pepe, Andruco, é Catuxâ.

- Andruco.* **T**ESTAS noites meu Compadre, é á companhia.
- Vilas.* Sentabos; é contá algo.
- Andruco.* Nada teño que decírvos. ¿He tendremos logo carretos?
- Vilas.* Bállate á perdamá! ainda víñechodes carta feira de Villagarcía.
- Pepe.* Desíme Andruco: ¿el he serto que botaron da li á ó Administrador que habia, que era el Castellano?
- Farruco.* ¿Non che foi mal botar! Chimparono no Carril, nada mais (por agora) que con dês mil reás.
- Pepe.* ¿E canto tiña en Villagarcía?
- Farruco.* Catro mil.

Andruco. ¡Máma frade!!! non che he mal subir: con que seis mil dan golpe?

Pepe. Levará moitos anos de servicio; terá feito grandes sacrificios po la Patria, é será home muy sabido: non sendo así terá amigos na coxiña.

Vilas. Ja, ja, ja, ja: por ahí!! por ahí!!! He verdade que era Sargento no ano de 23, é dicen bateuse en Madrid ó 7 de Xúlio de 22 contra non sey quen.... Despois foi criado da xènte do Sr. Ballesteros; tomouno este da sua conta, é fixò home como vedes: arrimate á los buenos... ecetera.

Catuxâ. Con todo, he moito subir. ¿ E cantos probes haberá que estarán cheos de anos de servicio, de meritos é traballos, é quedarian á atras; é outros desempreados? esa non he Xústisia nin ley de Dios.

Vilas. Por que así andaba á España.... Si fora eso solo.... Eu seivos todo ó que hay no conto, por que xá sabedes que tamen son empregado nas rentas. He mesmo un-liz vergonza ver ó que pasa na quel Carril... Hun rapás con 6000 reás, solo por que sua nai foi.... non sei qué dan Ministro, que todos conocemos; outro que foi alí porteyro é *realista na Cruña*, con 5000; outro por que *ten un parente Marques é empregado en Madrid*, con 12000; outro.... ó deño: é todos sian mais meritos eos de S. Fidel (que he un Santo que veu de Roma para alí); de sorte que todo canto na quel pequeno burato se cobra non chega á media merenda para pagarilles á eles, que están decote mano sobre mano coma muger de Eseribano.

Farruco. E logo, meu pai, para que habilitaron ó Carril é puxêron Aduana alí?

Vilas. Cala burro: eres muy besta, Eso fixò certo pirillan por que lle conviña engrandecer aquela Aldea, é colocar alí seus afillados: ¿fáste?

Farruco. Xá sei por quen falaes...; Vállame Dios; é ó Ferrol despreciado!!!

Andruco. E nos cheos de trabucos para enriquecer á tanto galopiu!

Vilas. Ainda non vos hay moito que certo Adeministrador (¡boa vay...!) comprou un-ha Casa testisima na Carreira do Conde, en mais de mil duros; é verdá que ten baca branca, que asi chaman eles á Sal.

Farruco. Ay meu pai: ¡á que he aquel que presentou á folla de servicios no tempo de marras, é ne la decia *que habia sido aferrimo defensor do Áltar é do Trono, é enemigo da Constitucion, é que traballára por botala á buxo?*

Vilas. Ti tamen lojo men tendes. O tal foi ademais oficial dos realistas.

Pepe. Vállocho á perdamá: ¡é el xûraría ahora á Constitucion, de que he tan enemigo?

Vilas. Bo; bo; bo::: pois non habia de xûrar! Non hubo un que se opuxêse á favelo, é eso que os hay ben servis é carlistas: xûrarián eles ó Coran por que nos boten das prazas, que hay moito non debían ter si se gobernase ben.

Farruco. A verdade, dos empregados vellos hay-vos poucos que sean constitucionás: é moitos dos que están nas portas.. ¡vállame noso Señor, que xêntiña!

Catuxâ. E lojo como ó Governo os ten no canto?

Farruco. Por que ó Governo no no sabe todo.

Vilas. Pódeo saber si quer: que mire na Direccion os memoriás é mais papés que presentaron os empregados. para selo, desde ó famoso ano 23 hasta ó de 34, é alí achará os *grandes meritos é servicios que teñen*; así como nas follas de servico que deron nos dês ultimos anos. Agora que han de decir?: todos son amigos da Reyna é da libertá: ¡quen ehos creera! Eu quixêra, en gracia de Dios, tantas onzas douro como dos que alegaron por meritos para ser colocados, *ó ser asesinos dos liberás.* Nun-ha palabra: novo sistema: nova xênte, é xênte comprometida por el, desde ó Ministro hasta ó ultimo porteyro; non sendo asi marchará como marchaba ó outro que decia *«marchemos francamente é eu ó primeyro.»*

Andruco. Na Adeministracion da qui parece que hubo limpeza.

Vilas. Eu non sei si limparon ou emporearon::: sey que ain-

da hay::: tẽ sey que certos de les e tã queymados. por que alguns papẽs vanlles sacando os trapos ó ayre: á tal libertã de emprenta he ó diabro! Deixẽmos os em- preados é falemos doutra cousa. Botade un vaso, que he boa polvora, é fase de un sigarro.

Pepe.

Comprei hoxẽ dous sigarrillos, é non hay quen os fu- me, por que he mesmo estereo.

Vilas.

Eso he do mesmo tabaco, que está podre.

Farruco.

Pois con eso ha de subir á renta!!!

Andruco.

Vos, Compadre, cando váyades á Cruña ben podẽs desirille algo ó Sr. Intendente para que poña remedio.

Vilas.

Eu xã ó dixẽn na frabrica, é non me fixeron caso: fa- lareille ó Sr. Llanas, que he reuto, é ó Sr. Intendente. Falando da Cruña, lembroume agora un-ha cousa que me contou ó Sr. Fariña á mesa, que si vo-la dijo que- dades co á boca aberta.

Farruco.

Contá meu pai.

Vilas.

Vaya: cando ó oín púxẽme feito un basilisco, é ó Sr. Fariña estaba coma un pemento de coraxẽ. ; Non habe- des de creer que esos fachendas da Cruña, que nunca fartos se vexãn, representaron á Madrí pidindo que á Universidade da-quí fose para alá? parece conto; pois no-no he.

Pepe.

Para ó que nos deixãron, que no-lo leven todo....

Catuxã.

Xã eles puderan, que non quedaba Catedral, Espi- tal, Seminario, nin outras boas pezas que hay na Vila; é hasta Picaños corria peligro.

Andruco.

Esa he-vos senreyra, que xã ven datrás: nunca os da Cruña puderon ver os de Santiago; fai como os de Vi- go que tamẽn lle teñen tũria os de Pontevedra. Uns é outros, quero decir, os da Cruña é os de Vigo, fan co- mo os cregos é frades, que todo ó queren para si, é os mais que coman broa escarolada: é lojo chámanse libe- rales: ; eche bo liberalismo!

Vilas.

Non Señor: á culpa está nos da Vila, que son uns papa-moscas, é non se lembran mais que de andar muy estricados po-la Lameda, é botar borra nos Cafẽs. O que

debía facer ó Ayuntamiento da-qui, era nomear dous
 dentre eles; virvi-jeasia, ó Alcalde 1º, que he un-ha-
 pementa é muy constitucional, é un tal *Ballesteros*, que
 he mozo que sabe é padeseu moito po-la libertad (sin
 que hasta ahora lle dese nada ó Gobierno); é que fo-
 sen á Madrí á botarse á os pes da nosa Reyna, é de-
 sirille. *SEÑORA*: aqui están á los Reales pies de vues-
 tra Real Magestade dos apoderados de la ciudá de
Santiago, de *Picaños* y demas Aldeas de rededor; y
 asi Real Señora, desimos á vuestra Real Magestade
 de que aquella grande Vila, muy noble y muy leal,
 quedou hecha un corral de puercos y bacas; ou una
 Aldea grande. Le sacaron el voto á los Canonijos (ben
 feito): botaron fuera los frayles (malas nobas é que
 non tornen): las mongas tambien se botan (para na-
 da sirven); y asi sepa vuestra Real Magestá que la
Cruña lo tiene todo, y nos nada. La *Cruña* tiene la
Audencia, el Güefe politico, la *Capitanía gueneral*,
 la *Intendencia*, la *Diputacion provincial* y moitas
 mas cosas; y nosotros los de *Santiago*, nada. Y asi
 suplicamos á vuestra Real Magestade, que la *Auden-
 cia* volva para *Santiago*, donde estuvo y debe estar; y
 donde la prantaron en 3 de Agosto de 1480 vuestros
 Abós los Señores Reyes D. Fernando y Doña Isabel;
 pois que *Santiago* está no medio de la Provincia, y
 la *Cruña* en un extremo ou rincon: y asi Real Seño-
 ra, sepa su Real Magestá que se les ocasionan mu-
 chos gastos á los que tienen preytos y riortas en ir y
 tornar á la *Cruña*, donde roban bien en las posadas,
 por que es gente sin temor de Dios. Y asi Real Se-
 ñora, no caso que los *Cruñeses* quieran alli la *Au-
 dencia*, que partamos para que todos vivamos: que
 venga para aqui la *Capitanía gueneral* y la *Inten-
 dencia*, y nosotros le daremos en troque todas las
 mongas, que no es poco. Si vuestra Real Magestá no
 lo hace asi lleva el diablo los grandes y hermosos
 edificios de *Santiago*; y sus habitantes tenderemos que

degarlo é irnos con la Música á otra parte por no morir de hambre.— Botáde un vaso: ¿que vos parece?

Andruco. Ben, ben: non fala millor ó noso crejo.

Pepe. Hay canté; si ó Ayuntamiento fixêse eso que acabades de desir.

Farruco. Estou serto que á nosa Reyna, que se lle pode chamar Nay dos Españoles, habia de mirar por Santiago; pero si non hay quen fale ¿que queredes?

Catuxô. Tes razon Farruco: éa ben mira por nos, bástache que sea muller; é si houberse quen lle dixêse ó que pasa ¿como habia de consentir cos da Cruña cousesen á duas faceiras, é os de Santiago morresen de fame?

Farruco. Pero haibos un-ha cousa.

Vilas. E que he?

Farruco. Que os Cruñeses dicen que Santiago he un-ha agra aberta, é que á Cruña se cerra, é estan alí mais seguras as autoridades,

Vilas. Non seas páparo: tamen nos nós cerramos na nosa casa ¿é por eso estamos seguros si por de noite ven un-ha gran gavilla é nos bota as portas abaixô? ¿E estiveron seguros os da Cruña ó ano de 23? ¿Non entraron os franceses? Non ves que pondo dous ou catro cañós no monte de Santa Margarita leba xûncras á Cruña? Aquelas murallas eche solo un adorno.

Farruco. Eso non marra.

Vilas. E fora deso ¿todos os sitios donde hay Audencias estan amurallados é cerrados?

Farruco. Non hoio polo decir.

Vilas. Eu si: moitas están en ciudades abertas como Santiago; é si se quer, tamen Santiago se pode fortificar, como fixô Oviedo; é digan ó que queiran os da Cruña. Dame boas autoridades, como ó Sr. Marques de Astarís (é que non lle aten as mas os da Cruña); que se poña á Milicia Nacional da qui como debe estar, é deixá que venian os fauciosos ou ladrós, que todo he un.

Andruco. Tamen non falta quen diga que á Cruña he mais constitucional que Santiago.

Vilas. Eso he falar de mamoria: fájolle ver á calquera ó contrario, é parece conto.

Pepe. No eso si que non, Compadre.

Vilas. Dircibos::: si comparás á Cruña con Santiago, he este mais liberal ou constitucional. Esplicareyme: Santiago he, como sabedes, pueblo de crogos é frades; é viven uns con outros (asi como eu teño que vivir con todos): por tanto non debia haber aqui en ningun tempo (bou á un decir) un que quixése á Costitucion, por que por ela báixálles ó bolso é á panza á aquela xênte: na Cruña he ó robés; hay poucos de croa, é viven do trafico é comercio, á quen protexê aquel sagrado Código: por tanto non he virtú (acho eu) ó ser alí amante da libértá, é heo si, ó sêlo en Santiago. Pois meus amigos, habedes de saber que no ano de 23 fuxiron da qui da Vila para fora de España por patriotas perseguidos po-lo Demo (arrenegado sea) do Despotismo; o Señor Marques de Astariz—O Sr. Barros—Un fillo deste—D. Paco Porras—O impresor Rey chiquito (que a lá quedou)—D. Manuel Llorente, comendante da Coluna de granaderos—D. Vicente Villar (que a lá morreu)—Don Antonio Rua—Don Francisco Varela é Sarmiento (que dicen lle dá agora o Ayuntamiento á praza de Secretario, en premio dos seus moitos traballos—Don Juan Montero (ó de Telin)—D. Romualdo Yañez—D. Sebastian Perez, Secretario que era do Ayuntamiento—D. Xaquiniño Caneda—D. Francisco Sobroyra—Un que era el musico da Catedral, que tiña un nome muy earevesado, é está empregado agora en Muros; é moitos mais que non trajo agora á mamoria; non vos digo os moitissimos que estiveron largo tempo na cadea. A proporeion debian escapar da Cruña mais de cen; é eu abofé non sey de mais que do Sr. Vega (sogro do millor Xeneral que temos; o Sr. Mina), D. Pedro Llano, é os Cautivos: haberá algun outro; pero estou certo non chega ó numero dos de Santiago. E non digan os señores Cruñeses que foy por que alí estaban seguros; pois

que ó ladron de Madalena, é ó horriacho é terrible Egía, buscaban os constitucionales en todas partes. Esto proba que Santiago, respectivo da Cruña, he mais liberal: he así Compadre? ja ja ja ja ja!!!!

Pepe Téndes razon, é convencésime.

Farruco. Pois no dia hay na Vila uns rapaces testisimos y crededores po-la nosa Reyna é po-la noba.

Vilas. E mais habria si soupesen, ou quixésen entusiasmar é comprometer á xênte; pero os Xênes politicos é os Xênerás, que debian estar decote recorrendo os puebls, chegan é métense na Cruña (como fixô ó Sr. Murillo é ó Sr. Latre) é alí toca á baylar, ó tratao; comer boas galiñas é bos capós; cun fato de soldados que os garden....: é botan de conta: *que importa que ó mundo arda, como eu non me chamusque?* Amiguíños: xâ vos he tarde. Boume á rezar ó Rosario é á cama. Hide con Dios hasta mañá.

Andr. }
é } Boas noytes vos dea Dios.

Pepe. }
Farr. } Aluméa Catuxá.

Andr. }
é } A Dios Farruco.

Pepe. }
Farruco. } Dormide ben. *Tó Can: pasa Tigre fora.*



SANTIAGO:

Imprenta de D. J. P. Campaña y Aguayo.
Octubre 31 de 1836.

SIGUE LA TERTULIA DE PICAÑOS.

Asistentes á ella, los Consabidos

Vilas, Farruco, Pepe, Andruco, Catuxâ, y un Abad recién llegado.

TODOS MENOS FARRUCO.

*Vilas.
Abad.*

CONQUE Vosté por acá, Señor Abá!!

Si: vengo sobre cierto negocio::: pero me pasma ver á nuestros aldeanos hechos *filosofos*, y especialmente á V. ¿Eso de *felosofos* he cousa de comer, Señor Abá?

*Vil.
Ab.*

No, hombre, no: *filosofos* se llaman los amigos de la *sabiduría*, de las luces y reformas (ó sea del progreso.)

Vil.

Pois, Señor Abá, sendo asi, xâ lle digo que son eu *felosofo*, por que quero reformas.

Ab.

Ya, ya; por eso salió V. á lucirlo con su *tertulia*, metiendose, cual otro D. Quijote, á desfacedor de tuertos.

Vil.

Cáta, cáta! xâ sey por donde vay, Sr. Abá::: permítame é déixème falar.

Ab.

Diga V. lo que quiera, que está en su casa.

Vil.

Moitas gracias: pero ha de saber, Señor Abá, que como agora son as noytes grandes, xântanse aquí quatro amijos do lagar, que cos da casa forman un-ha::: como se chama, para ir pasando ó tempo. ¿fáise de carjo?

Ab.

Si: conozeo. Pero sería mejor pasarias rezando el Santo rosario.

Vil.

Eso xâ se fay; é non sempre ha de estar un rezando, por que algo se ha de falar; é ó caso he non marmular de ningen, é decir verdades amarguen á quem queira: ¡cantas deixá un de falar do que pasa na Ga-

licia. é estamos vendô, solo por que::: ahinda non lle hay a libertá que eu quixerá!

Ab. Dice V. bien, amigo Vilas, la murmuracion es uno de los mayores pecados reprobados por el Sr.; por que de ella ningun provecho, placér ni utilidad se saca. Que hay aun despotismo; quien lo duda? acaso mas que nunca.

Vil. Pouco á pouco, Sr. Abá, eso si que non. Foyse aquel tempo da que chamaban *Sta. Inquisicion*, da que se valían os birbós para desfacerse secretamente de canto home sabio aparecese, pra que no nos abrisen os ollos, por que metidos alí sin que ningen soupese deles, nin aun á sua xênte, sin defênsa é formandolles un-ha causa chea de embrollos é patrañas que solo os Inquisidores entendian::: ¡Ah!; si aquellas paredes puideran decir os moitos inocentes que sacrificaron os Frades, Gregos é Señores!; os tormentos que alí se inventaron!; os asesinatos que alí se cometeron!::: Ademais, Señor Abá: xâ no nos meten na cadea, como sucedia antes, solo por que un artesano ó un labrador lle pidise á un Señor, á un Canonejo ou Crejo ó que lle debia; ou por que non lle sacase á monteyra na calle::: tampouco lle poden agora meterse na casa dun home de ben, nin faserlle abrir as portas á media noyte; ¿enténdeme?

Ab. Eso no es asi: hace poco tiempo que allanaron mi casa á la alta noche.

Vil. He que irían por fauciosos::: tamen viñeron aqui un-ha noyte, é ó meu Farruco dixô: arre caracha, que aquí non entran non botando as portas ó chan, que rodén á casa é entrarán cando sea dia: ¿enténdeme? é fóronse, como se dice, co rabo entre pernas. Elo sería á Xûsticia::: pero tamen serían ladrós.

Ab. Está visto: V. quiere reformas::: quiere libertad::: quiere Constitucion::: quiere que todos los hombres seamos iguales::: quiere:::

Vil. Páre, páre Sr. Abá: quero, quero, quero é quero todo eso. E dígame: ¿Vostede leeu ben á sabia Costitution?

Ab. No la he visto, ni quiero.

Vil. No no xûre que llo creo: eu nunca lle dijo que ó viño he malo hasta que llo probó; pero xâ se vé, ó que non

lle justa ó viño sempre dice que he surpia, ainda que sea de Matãa:: ¿non sey si me esprico?

Ab.

Demasiado entiendo á V.; pero ya que la leyó, esplíqueme que beneficios trae al Pueblo ó á Ustedes ese libro que llaman *Sagrado*.

Vil.

Eu tampouco lla lín, solo por que non sey, pero léumella, ahí donde vosté está sentado, ó meu rapás, moitas noytes, que lle he amiguño de ler, é afé afé que ten mais libros que moitos Crejos da aldeã, á quen non se ve mais cun *Bribiario vello é á Cartilla do reso tapando ó xârro do viño*. Aquí encontrará voste de ó *Flor Santorum de Villejas, entre ó temporal é ó eterno, Vida de Santa Genoveva, os doce Pares de Francia, ó Lunario prepétuo* é moitos mais dos buscados, como dice Farruco; é agora que me alembro ainda lle trouxên ó outro dia da Cruña un que se chama *Gritos del infierno*. Mais volvendo á sabia Costitucion, que vosté por burla lle chama libro sagrado, díjolle que está ben chamado, *por que contén as leys santas que deben gobernarnos fundadas nas divinas, que se encerran no outro libro, tamen ben chamado á sagrada Escritura, que manda nos amemos uns á outros, como hirmans, sin engañarnos, roubarnos, nin matarnos*. Pois ó tal libriño ou Costitusion xá que no na leu debe saber que fixã un-ha sola especie dos homes todos, sin dividilos en razas ou castas como os cás; que establece á nosa librtad é independencia sin que pertencamos á nign-*ha familia nin persona*, pois non somos un rebaño de ovellas; que manda que á Nasion sola poida faser as leys; que estas sean iguaes para todos, sin que ó rico poida burlarse do probe, fundado de que ó daño que lle fixése habia de quedar sin castigo, é ó robés, si ó probe se atrevese por calquera cousa contra un rico castigálo con todo rigor; á todos suxêta á soportar as cargas para manter ó Estado, segun á riqueza de cada un, non solo pra os trabucos ou contribusions, si non tamen pra as demais gabelas de aloxamentos é bagaxês, é vostede ben sabe, Señor Abá, que antes non aloxában os Señores nin os Crejos; ó tal

Códijo protéxelle á industria é ó comercio, sin ó monopolio de gracias de dereito esclusivo; abre as portas á todos para entrar os empreos da Nasion, que non debe dalos si non os homes de *méritos, servicios é virtudes*, é non á pillos, intrijantes é aduladores:: nunha palabra, Sr. Abá, en cada articulo, para quen ó entenda, preséntalle amparo ó probe é necesitado, é á grandes é pequenos un-ha xústisia igual para á libértá sivil, é respeto inviolable da propiedade con que á xén-te sea felís, é á nosa España se poña en un esplendor como está á Francia é á Inglaterra.

Ab. Se conoce que le gusta pues la entiende y esplica perfectamente: amigo Vilas, es preciso no olvidarse de la Santa Religion de nuestros Padres en que hemos sido educados, *fé, Vilas, fé.*

Vil. Tou, tou rabela, caridá caridá, Sr. Abá, caridá tor-no á decir, que he á que lle falta á vostedes.

Andruco. Por ahi, por ahi meu Compadre, que esperanza sobralles; esto he, por ó *inquisidor D. Calrros, Rey dos ladrós.*

Catuxâ. Decís ben: que *vistan ó desnudo, que dean de comer al ambriento*, é que cumpran co mais que resan as obras de misericordia, é no nos veñan con endromenas, por que agora xá á xén-te conoce *os bos é malos Cregos*: todo ó mundo vay abrindo os ollos::

Vil. He-vos maña vella ó facer os Cregos á sua causa, causa de Dios:: por eso decia ó outro

Jamas se ha visto en el mundo

lo que en España se vé,

que es hacerse los ladrones

defensores de la fé.

Fámbos co á Religion ó que fasia un Mono con un Néno que roubára: púñao diante ó ladrón para que non lle tirasen un tiro que meresia.

Ab. Mi intencion no fué ofender, ni incomodar á V., mi amigo Vilas, V. sabe que le aprecio.

Vil. Si Señor, é eu ó mesmo á vosté, este he un falar, pero sey lle de mamoria á Cartilla nova é á vella, é sey lle ó que he *fé*, que es *creer lo que no vimos por*

que Dios lo ha revelado y la Santa Madre Iglesia así nos lo enseña, é sey que á Iglesia componse de todos, por que dice á Cartilla que á Iglesia es la *Convergacion de los fieles cristianos*: pero ha de saber, Sr. Abá, que tamen lle creo ó que vexô.

Ab. ¿Y qué es lo que V. vé?

Vil. O que vexô hê, que vóstêdes nos venden ó que noso Señor nos deixôu de valde, quero decir, os santos Sacramentos: vostedes levan diñeyro por bautisar, ou faser á un cristiano, por casar, por enterrar, esetra, esetra.

Cat. E po-lo metedoyro das mullêres na Igrêsia tamen chiupan un-ha veliña, ou ó que cadra.

Andr. ¿E cando cumplimos co precepto no nos levan os ovos?

Vil. Têndes razon, que non me lembrabâ deso; ben desia ó noso Sr. Retor que foy, que está na groria, (ó Sr. Maquieyra) ca usura estaba na Igrêsia, que *non habia ley nin libro que mandase levar dereytos por administrar os santos Sacramentos*, por que se opón as obras de misericordia; é chamaballes *el simós* (que non sey que quer decir) os Curas que os levaban.

Pepe. O que os Curas debian faser para cumprir co que manda á ley de Dios, era non levantar os dereytos cando morre á cabeza dun-ha casa, si non erger os caídos; quero decir, que morre un Pay é deyxâ catro ou seis fillos probes, ou con pouca cousa, é ó Cura déyxâos mas probes levándolles de dereytos ó que non debe, é ó mellor sería que botase máñ deles, os socórrese é en-señase::

Cat. Faládes como un Santo, Pepe; dílles á eles eso: ¡é chámanse ministros dun Dios misericórdioso!!!

Vil. E os que falan de ese modo chámanlles *sangenistas*, *xúdios* é outros alcumes.

Ab. No se puede hablar con gente ignorante: digan V.^s ¿y el que sirve al Altar, no tiene que vivir del mismo Altar?

Vil. Si Señor: ten razón; ¡é non lles basta ó dismo que lles damos, descontando (como debian, é non fán) á semente? Ademais, tamen téñen ó seu Igresario: ben sey que entre vostés hay alguns probes, comparados con outros, co demais mingun morre de fame, pois nadie

pöde ordenarse que non teña, dun modo ou doutro, ó bastante con que vivir; pero xa ó Gobierno os arregrará á todos.

Andr. Que non jasten tanto co as mu:::las::: é que non coman guisopes, é:::

Ab. Ya es de noche y tarde. Adios Señores.

Vil. Bóte un chiseo; é espere que irán con vosté hastra botálo da ponte.

Ab. Gracias: no hay necesidad.

Vil. Compadre, encendé ese farol, é íde alumearlle: leváo por dentro.

Ab. Que venga, ya que V. se empeña. Buenas noches Señores.

Vil. Vaya con Dios, Sr. Abá, hastra decote.

Andr. Cáve quédo. Cán, que he un Sasardote; non teña medo Señor.

Pep. Vállache xûneras ó Abade ese, que he ben cativo, pero ben truan; él mais quixêra falar, pro non se atrevia, por que llas volviades ó corpo; á min aturrullábame.

Vil. Já, já, já, já::: estos pirillás solo campan cando áchan con bestas.

Cat. No::: ser, he dos de *Calros*.

Vil. Pois non ha de ser!!! son-no casi todos, son pocos los escoguidos.

Farruco. (sale) Santas noytes.

Vil. Tardáches ben: ¿de donde vés?

Farr. Tívome ocupado ó Sr. Parriña.

Vil. Acábache de sair da-qui ó Abá *Choupiñas*, é tivémosche conversa larja.

Cat. ¡Ay Farruco! non sabes ó que perdiche.

Farr. ¿É él he dos que esperan ó *Mestias*?

Vil. Si, home, si: po-lo mesmo espriqueyille á *Costitucion*; faleyille contra esos dereytos que levantan por entteros, casamentos, bautismos::: é ¿que sey eu ó que lle dixên? por que, á verdá, enfadeyme cando me dixô: fé, *Vilas*, fé.

Farr. ¿Que diancres non estar eu aqui!!!

Cat. ¿É que ven á ser ese *Chousiñas*?

Vil. He un que lle teño morto moitas fanes: foy apren-

dis de Crejo, fixô ó papel de liberal cos liberás, me-
teuse no rosario de Castañeta; dicen que era ó que lle
fasia os risos á barba do Arzobispo, é colleu un curatiño:::

Andr. (sale) Aló vay ó tal Abáde: á casa non vos volve,
Compádre:

Vil. Ni no descó: nunca á porta acerte. Contá ó que vos
dixô po-lo camiño.

Andr. ¿E quen ó entendia? solo iba rosmeando *heregues,*
flamasones, la reliquion vay por terra::: en fin, vay
fedendo.

Vil. No me lembrou da-quel libro que tes tí, Farruco,
das copras en que á Tia enseñaba á Sobriña.

Cat. E que libro he? que eu non me lembro de oílo lér.

Farr. Pois eu xá vo-lo lín: he un libro en español, que
reza dua-ha Tia que daba leucióis á sua Sobriña, é es-
ta perguntáballe, si Dios perdonaría estes é os outros
pecados; á Tia decíalle que si, tendo arrepenimento,
por que Dios era misiricordioso: tornáballe á pergun-
tar, si tamen perdonaría estoutros é os de mais alá; é
á Tia xá cansada de tantas perguntas, contéstalle asi:

Dégate Niña de hunduras,
eres por sierto incansable;
toda culpa es perdonable,
como no tóque á los Curas.

Andr. He-vos asi, pardióla.

Vil. ¿Quen duda eso? Dios todo perdona; pero si lles to-
can á eles nun pelo da roupa, para eso non hay perdon;
levántanse é berran: *xâdios, herexês que tiran contra*
á Religion; é ó Inferno non foy feito pra os cás.

Pep. Lémbrome agora, co vespera de Defuntos tropecey
cun Crejo cheo de lordas, cos calcáños fora, á sotana
de remendos é os manteus asulados, é dixóme moito:
peisano, ¿téne V. aljuna Misa que dar por sus De-
fundtos? é contesteylle: no Señor; é fay, é dime éf:
está visto, se acabó el Purjatorio; é eu que ó vin
vír, dixênlle: pode moy ben ser, Señor, por que asi
como los Reys dan endultos, su Divina Maguestade,
que es mas misiricordioso que todos los Reyes del

mundo, darla outro chamando ó seu lado, á las almas del Purjatorio.

Farr. E él que vos dixô?

Pep. Calou coma un rato: estívono atisvando, é meteuse na taberna; entoncos dixên eu para mín: quen che-llera á Misa, que á apricaba á tabarneyra.

Farr. Xá sey, pouco mais ou menos, que Crejo hé::: heche da *Prima*.

Vil. No::: esa *Prima*, ou *Curmana*, ten un-ha xênte!!!!: (conto para outro dia) O Governo debia botarse sobre as rendas de-la; por que na Vila moitos Pays poseñ os fillos á Crejos, tan solo para que *ganen á Prima*; é fora millor po-los á Canteyros, Sapateyros é Chalás: po-lo que perxúdica mais do que aproveyta::: ¡é mais agora que me alembro, tamen hay xênte da tal *Prima* na faucion!

Farr. Deixémos esa conversa pra mañá: decí meu Pay, que relouco por sabélo ¿que vos dixéron na Cruña?

Vil. Cála; que me volveron tolo po-lo demo da tortilla, ou tirtulia, é doume un empregado un papeliño con moito secreto para que ó pobríque (mañá ó lerás) eu dixénlle: Señor!::: vaya, Vilas, conviene al bien de la Patria:::

Farr. Pois á mín, por á tal tortilla, houvéronme de comer os empregados de ahí da bayxô, cando les levey os tabacos.

Pep. E á mín vanne ó lombo, se non fuxô, os do Carril, que estaban en Villajarsia.

Vil. Mañán verédes ó que dicen os papés que me deron na Cruña: é por hoxê ide con Díos, que hé hora.

Pep. } Boas noytes nos dé noso Señor.

Anr. } Farruco: bota os Cás fora.

Vil. } O *Tigre*, repóuse.

Farr. } Tal xênte teño na casa::: podes deoir tamen que hé un faucioso mais::: así anda todo:::